

TENÉIS QUE VENIR A VERLA

947

Jonás Trueba, 2022

ESTREA EN NUMAX: 17.06.2022 | V.E. | TP | 61 min.

0 minutos, 4 personaxes, un reencontro e ganas de escoitar. Unha invitación expresa para ir á sala de cine, un filme-reencontro. Tedes que vir vela.

«Honesto, radical, valente. Un
agasallo para todos»

Carlos F. Heredero, CAIMÁN CUADERNOS DE CINE



TENÉIS QUE VENIR A VERLA

Jonás Trueba, 2022

Notas do director

Gústame ver cada filme que facemos como se fose unha casa, un lugar que construímos co espectador. Non se trata de elaborar unha trama ou un argumento, senón de crear un espazo no que poder convivir e compartir cousas. O título, *Tenéis que venir a verla*, é unha literalización desa idea. É tamén un diálogo dentro do filme, cando un dos personaxes insiste a unha parella de amigos en que veñan visitar a súa nova casa; pero baixo esa leve premisa, non facemos outra cousa que ofrecer o filme en si mesmo: sinxelo, quizais lixeiro, algo triste pero tamén cómico. O verbo, "vir" implica un desprazamento que considero importante: ir ao cinema converteuse nun pequeno acto de resistencia, un xesto poético, un salto de fe; e á vez segue a ser unha forma tranquila de conversa, pero aquí fálase moito por momentos pero tamén se escoita.

Diría que é un filme sobre a escoita no que ademais soa moita música: creacións de Chano Domínguez, Bill Frisell, Grégoire Mairet ou Bill Callahan viñan soando na miña cabeza antes da rodaxe e acabamos facendo a posta en escena e a rodaxe a partir deles. Tamén a lectura de *Has de cambiar tu vida*, un libro inesgotable de Peter Sloterdijk, acabou coándose con ironía, case como unha provocación. Á poeta Olvido García Valdés este filme débelle moitas cousas, pero foron unhas anotacións súas as que revelaron o sentido máis profundo do que pretendíamos filmar. "Ás veces acométenme crises de irrealidade", escribe. "Non de identidade, senón de irrealidade; non quen son senón se estou. Onde vivimos? (O plural acolle a moitos, pero sós). Non onde se nos ve e encontra, senón onde nos sentimos vivir". Tenéis que venir a verla está feita desde esa mesma pregunta, a partir da nosa propia crise de irrealidade, pero coa ledicia de reencontrarnos, seguir a facer cinema xuntos e poder partillalo. Confiando en que o cinema é tamén o lugar onde nos sentimos vivir.

Itsaso Arana

Tenéis que venir a verla foi unha aventura particular. É un apuntamento, case un bosquejo. Pódese armar un filme con dous paus? É isto un filme? Facímonos esas preguntas. Creo que os actores no cinema nos debemos, case por intuición ou por contaxio, a un secreto mandato de explorar o que a actuación non pode chegar a ser. Estamos a actuar? Estamos a vivir? Isto é cinema ou é vida? Hai acaso diferenza?

Vito Sanz

Penso no meu personaxe, nos seus comentarios secos, directos, agres; nas súas dúbidas e nos seus medos que non sei se son tamén os meus. Pregúntome canto ten de min e canto estaba xa no filme. As salas de cinema están a morrer di o meu personaxe logo de ver un filme mentres come un prato de pasta con ansiedade. Quizais sexa certo pero este filme tenta ser un pequeno xesto para que isto non ocorra.

Francesco Carril

Gústame pensar que este filme é unha sensación, unha emoción fráxil, misteriosa. A vida cóase no filme delicadamente. Coido que é o noso último filme de xuventude. Véñenme dúas preguntas cando a penso: A que lugares pertencemos? Onde nos sentimos na casa?

Irene Escolar

Interpretar unha sensación é algo imposible pero, aos poucos, os cinco, fomos buscando e probando e atopamos o camiño para poder traducir o que intuitivamente sentíamos. O que queda na pantalla é o resultado dunha serie de conxuncións case máxicas e imposibles de controlar.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

Has de cambiar tu vida,
Peter Sloterdijk.
Pre-textos, 2012

Confía en la gracia,
Olvido García Valdés.
Tusquets, 2020